

UNHA PRODUCCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

# TARTUFO

dossier de prensa



XUNTA DE GALICIA

O Centro Dramático Galego é a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic)

**Centro Dramático Galego**

Salón Teatro. Rúa Nova, 34  
15705 Santiago de Compostela  
Tel. 981 581 111  
centro.dramatico.galego@xunta.es  
[www.centrodramatico.gal](http://www.centrodramatico.gal)  
facebook.com/cdg.salonteatro

**Comunicación. Agadic**

Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n  
15707 Santiago de Compostela  
Tel. 881 996 073 / 092  
prensa.agadic@xunta.es  
[www.agadic.gal](http://www.agadic.gal)  
facebook.com/agadic

dirixida por CARLES ALFARO

# TARTUFO

de Molière

*Non sabedes distinguir entre hipocrisía e devoción?  
Queredes empregar a mesma vara de medir para as  
dúas, para o artificio e a sinceridade? Que estraña é a  
especie humana!*



# Índice

|                                               |    |
|-----------------------------------------------|----|
| Impostores: Habelos, hainos.....              | 05 |
| Dime algo bonito.....                         | 06 |
| Ficha artística.....                          | 08 |
| Funcións.....                                 | 09 |
| Sinopse.....                                  | 11 |
| O director: Carles Alfaro.....                | 13 |
| O autor: Jean-Baptiste Poquelin, Molière..... | 15 |
| O elenco.....                                 | 17 |
| Equipo artístico.....                         | 28 |



# Impostores: habelos, hainos

Impostores houbo e hai en todas as épocas, dende que o mundo é mundo. Hainos máis inocuos, que se conforman coa impostura dunha determinada pose de cara á sociedade. E hainos máis perniciosos, que non se contentan coa impostura en si mesma e aspiran a satisfacer obxectivos posteriores por medio dela. Sexan da natureza que sexan: habelos, hainos.

De aí a gran resonancia do texto de Molière nos nosos tempos. Por unha banda, Tartufo, un home que finxe ser alguén que non é para conseguir algo que non lle corresponde. Un home que, de tanto finxir, semella finxir que finxe; é dicir, un impostor que mantén tan ben a súa impostura que abre a paréntese da dúbida razoable con respecto á súa identidade. Por outra banda, as persoas enganadas, aqueles seres que cren cegamente nel. Que clase de carencia perentoria os leva a substituír a percepción da realidade polas visións de Tartufo? Finalmente, os que perciben a obscenidade do finximento, que mesmo son quen de ver máis alá del para descubrir a intención última deste falso devoto. Perseguen desenmascarar o impostor en tanto que impostor ou porque coa súa impostura defende outros intereses distintos aos seus?

Molière, novamente, asómbra-nos coa súa capacidade de análise de determinadas facetas da natureza humana, sen renunciar para facelo ao seu xénero predilecto: a comedia. Outra vez aparece na súa obra o finximento, como unha sorte de teatro dentro do teatro ao que Jean-Baptiste Poquelin, en tanto que Molière, non pode renunciar. Unha vez máis, respírase no texto o recendo do teatro, como uns acertados lentes a través dos que ollar a realidade presente, como unha forma de vida que agarda ser vivida.



## Dime algo bonito

A trufa medra baixo a protección dunha simbiose micorrízica cunha planta. O fungo infecta as raíces da planta para poder obter a través dela determinadas substancias que el só non pode sintetizar. Pero non nos trabuquemos, a planta tamén se ve beneficiada con esta relación, ao obter nutrientes e auga da trufa. Molière parte desta fermosa metáfora brindada pola natureza para contar-nos a historia de Tartufo, un home que para medrar económica e socialmente entra en simbiose cun membro da alta burguesía. Tartufo sabe detectar as necesidades de Orgón —que así se chama o noso burgués— e ofrecerlle un bálsamo que calme a súa ansiedade. Poderíamos dicir que se converte así en precursor do que hoxe coñecemos como *neuromarketing*. Tartufo non vende produto ningún: ofrece espiritualidade, vende emocións. Tampouco a nós non se nos venden coches, senón a sensación de liberdade; nin teléfonos móbiles, senón a promesa da renovación perpetua; a imposible certeza dunha vida mellor.

Todos os que rodean a Orgón decátanse do engano. A pregunta que xorde é: por que Orgón non? É parvo quizais? Ou é que escolle conscientemente ser enganado? que



sabe que no engano agóchase moita máis felicidade, ou polo menos unha felicidade moito máis doada de alcanzar, que no enfrontamento coa realidade? Atoparemos resposta a esta pregunta se nos contestamos sinceramente: sabemos nós cando entramos no concesionario que ese coche novo non nos vai facer máis libres? que a liberdade só se pode escribir con maiúsculas moi lonxe dese concesionario? Somos conscientes de que ese novo móbil é un exemplo máis de obsolescencia programada? Precisamos crer esas doces promesas dun futuro de cor de rosa, ou crémolas de verdade?

Aí reside o perigo de Tartufo, o perigo de todos os tartufos. Saben detectar as nosas necesidades, saben crear desexos, saben ofrecer solucións aos nosos problemas. Saben que sabemos que menten. E saben que non só non nos importa, senón que escollemos deixarnos enganar en prol dunha vida un pouco mellor ou, simplemente, un pouco máis cómoda. É así como atopamos en *Tartufo* as orixes do xa clásico diálogo entre Johnny e Vienna en *Johnny Guitar* (Nicholas Ray, 1954), e que tamén poderían manter un vendedor de coches e o seu cliente, un publicista e calquera telespectador, Tartufo e Orgón.

*JOHNNY: Dime algo bonito.*

*VIENNA: Claro. Que queres que che diga?*

*JOHNNY: Mínteme. Dime que me esperaches todos estes anos.*

*VIENNA: Espereite todos estes anos.*

*JOHNNY: Dime que morrerías se eu non volvese.*

*VIENNA: Morrería se non volveses.*

*JOHNNY: Dime que aínda me queres como eu a ti.*

*VIENNA: Aínda te quero como ti a min.*

*JOHNNY: Grazas. Moitas grazas.*

# Ficha artística

**Autoría:** Jean-Baptiste Poquelin, Molière

**Dirección:** Carles Alfaro

**Producción:** Centro Dramático Galego

## Elenco (por orde alfabética)

|                 |                                     |
|-----------------|-------------------------------------|
| Casilda Alfaro  | <i>SEÑORA PERNELA, nai de Orgón</i> |
| César Cambeiro  | <i>ORGÓN, marido de Elmira</i>      |
| Antela Cid      | <i>ELMIRA, muller de Orgón</i>      |
| Xoán Fórneas    | <i>VALERIO, namorado de Mariana</i> |
| Mónica García   | <i>CLEANTA, irmá de Elmira</i>      |
| Marta Lado      | <i>MARIANA, filla de Orgón</i>      |
| Roberto Leal    | <i>SEÑOR LEAL, axente xudicial</i>  |
| Rebeca Montero  | <i>DORINA, criada de Mariana</i>    |
| Alejandro Saá   | <i>TARTUFO</i>                      |
| Patricia Torres | <i>DAMIS, filla de Orgón</i>        |

## Equipo artístico

Escenografía: Baltasar Patiño

Vestuario: Diego Valeiras

Iluminación: Carles Alfaro

Música orixinal: Anxo Graña

Caracterización: Trini F. Silva

Tradución: Loli Ramos

Asesoramento lingüístico: Roi V. Ponte

Asistencia de dirección: Vanesa Sotelo

## Realizacións

Escenografía e Utilería: Equipo técnico do CDG

Estrutura metálica: Armesa

Vestuario: Equipo técnico do CDG e do Centro

Coreográfico Galego (CCG)

Fotografía: Andrea Vázquez

Deseño gráfico: Trisquelia

## Centro Dramático Galego

Dirección: Fefa Noia

Producción: Francisco Veiga

Secretaría de dirección: Manuela Domínguez

Administrativa: América Peña

Axudante de produción: Laura Hevia

Xestión: Manuela González

Prensa: Ana Rosales e Ana Miragaya (Agadic)

## Equipo técnico

Técnico de iluminación: Juanjo Amado

Técnicos de son: Guillermo Vázquez e

Antonio G. Budiño

Encargado de estrutura escénica: Salvador Forján

Tremoias: Elixio Vieites, Mauro Chao,

Antonio Mayo, René Rodríguez e Xaquín Rei

Auxiliar de imaxe e son: Juan Carlos Pacios

Encargado de talleres: Fernando Rodríguez

Xastra: María Negreira

Limpeza: Marisol Pérez

Agradecementos: Eva Alarte, Henrique Harguindey,

Paloma Lugilde, César No, Mónica Santos e Escenaset

# Funcións

## SANTIAGO DE COMPOSTELA. SALÓN TEATRO

**Estrea** 23 de setembro (con convite)

Funcións do 24 de setembro ao 16 de outubro

*Funcións (xoves, venres e sábados, ás 20.30 h;  
domingos, ás 18.00 h)*

*Funcións escolares (martes e mércores ás 10.30 h)  
o mércores 12 de outubro non haberá función*

### Venda de entradas

As entradas estarán á venda no despacho de billetes do Salón Teatro de Santiago de Compostela (Rúa Nova, 34) os días de función, desde dúas horas antes do comezo. Tamén poden adquirirse na billeteira electrónica a través do web <http://entradas.abanca.com> e do teléfono 902 434 443.

O prezo das localidades é de 10 euros (cun desconto do 40% para estudantes, xubilados, maiores de 65 anos, usuarios do carné xove, desempregados, familias numerosas, grupos a partir de 10 persoas, xornalistas e profesionais das artes escénicas) e de 5 euros o domingo, día do espectador.

## XIRA

### OUTUBRO

Venres 21 Teatro Municipal de Tui

Sábado 29 e domingo 30 Teatro Rosalía Castro da Coruña

### NOVEMBRO

Venres 4 Teatro Lauro Olmo do Barco de Valdeorras

Venres 18 Auditorio Municipal de Rianxo

Venres 25 Auditorio Afundación de Pontevedra

### DECEMBRO

Xoves 1 Teatro Afundación de Vigo

Sábado 3 e domingo 4 Teatro Principal de Ourense

Sábado 17 Auditorio Municipal de Cangas

Sábado 30 Teatro Jofre de Ferrol





## Sinopse

Tanto Orgón, membro da alta burguesía parisiense, coma a súa nai, a Señora Pernela, atópanse baixo a influencia de Tartufo, un falso devoto que se erixe no seu director espiritual e que persegue, en realidade, ficar con todos os bens do seu protector. Ao mesmo tempo, este impostor trata de casar con Mariana, a filla de Orgón, mentres seduce a súa segunda muller, Elmira. A trama vaise complicando progresivamente coas intervencións de Damis (filla de Orgón), Cleanta (irmá de Elmira) e Valerio (amante de Mariana), que son puntualmente comentadas desde o acedo punto de vista da criada Dorina.

Nesta obra Molière ofrécenos unha reflexión sobre o que pode chegar a suceder cando alguén se interpón entre o poder e quen o posúe, co obxectivo de satisfacer os seus intereses persoais. Fálanos do alcance das aparencias, da cegueira que provoca non querer ver, e das visións que substitúen a realidade.

*Tartufo* fálanos, en fin, do perigo que corremos, nós e mais a nosa xente, cando confundimos a hipocrisía coa honestidade e a honestidade coa hipocrisía.





# Carles Alfaro

## O DIRECTOR

Director de teatro e fundador da compañía Moma Teatre en 1982. É tamén actor, adaptador, escenógrafo e deseñador de iluminación. Fórmase como actor en Valencia, Madrid, Oslo e Nova York, e diplómase en Dirección Escénica na British Theatre Association Directors de Londres.

Coa súa compañía, Moma Teatre, produce espectáculos nos que desenvolve a súa faceta de director, actor e deseñador. Estes traballos fano merecedor do Premio de Teatros da Generalitat Valenciana, do Premio da Crítica e de premios de diferentes asociacións á Mellor Dirección entre 1993 e 2003. Fíxose, igualmente, con diferentes galardóns á Mellor Iluminación e Escenografía de espectáculos por obras coma *O caso Woyzeck*, *Cándido*, *A lección* ou *Nados culpables*. Desde 1997 ata 2004, dota a súa compañía dun espazo teatral en Valencia, o Espai Moma.

Carles Alfaro dirixe habitualmente para centros de produción públicos: Teatro de La Abadía, Centro Dramático Nacional, Compañía Nacional de Teatro Clásico, Teatro de la Zarzuela, Teatro Español en Madrid, Teatre Nacional de Catalunya, Teatre Lliure ou o Festival Temporada Alta (Xirona, Cataluña); mais tamén dirixe diferentes compañías privadas.

Entre os galardóns recibidos destacan: premios Max ao Mellor Espectáculo Revelación por *Nados culpables* (Moma Teatre, 2001), á Mellor Escenografía por *A caída* (Moma Teatre e Teatre Nacional de Catalunya, 2003), á Mellor Dirección por *O lindo don Diego* (Compañía Nacional de Teatro Clásico, 2014) e á Mellor Adaptación por *O estranxeiro* (Teatre Lliure, 2014). Obtivo tamén o Premio ADE da Asociación de Directores de Escena de España á Mellor Dirección por *A arte da comedia* (Teatro de La Abadía, 2010) e o Premio Ceres á Mellor Dirección por *¡¡¡Atchúss!!!* (Pentación, 2015), entre outros.



# Jean-Baptiste Poquelin, Molière

## O AUTOR

Jean-Baptiste Poquelin nace en París en 1622, no seo dunha familia burguesa. O seu pai, tapiceiro do rei, pode darlle unha esmerada educación nun colexio de xesuítas. Aos vinte anos, decide dedicarse ao teatro, pese aos prexuízos dunha época na que a profesión de actor estaba excomulgada pola Igrexa francesa. En 1643 funda unha compañía coa familia Béjart e, para non deshonrar a súa familia, adopta o nome de Molière. Malia os seus esforzos, o proxecto fracasa.

En 1658 regresa a París e ao ano seguinte obtén o seu primeiro grande éxito coa divertida farsa *As preciosas ridículas*, onde xa se albisca a comedia de caracteres que creará máis adiante. *A escola das mulleres* (1662) é a súa primeira obra mestra, coa que se gañaría o favor de Luís XIV. Os seus éxitos e a crítica de costumes das súas obras son causa de envexas, polémicas e poderosos inimigos.

En 1664, Molière escribe por encargo de Luís XIV unha primeira versión de *Tartufo*, onde critica os falsos devotos que se valen da relixión para aproveitarse da fortuna dalgúns incautos. Ante o escándalo que xerou, o rei xulga prudente prohibila, aínda que ao final permite a súa estrea, con modificacións, en 1669.

Molière consegue librarse dos continuos ataques grazas á amizade e protección do monarca francés. Esta década dos 60 será a época da súa madurez, coas obras que o converteron nun mestre do teatro universal: *Don Xoán*, *O misántropo*, *O médico a paus*, *O avaro*...

Nos seus últimos anos, inclínase de novo cara á comedia máis lixeira, coma *O burgués xentilhombre* ou *O enfermo imaxinario*. En 1673, poucos días despois da estrea desta última obra, en plena representación, Molière séntese indisposto e morre ao cabo dunhas horas. Grazas á intervención do rei, púidoselle enterrar máis tarde no camposanto de Saint-Joseph, de noite e sen cerimonia.




# 0 elenco





## Casilda Alfaro

### SEÑORA PERNELA



Como actriz principiou con Teatro de Ningures, compañía da que é membro fundador. Traballou asemade para Teatro do Morcego, Balea Branca, Abrapalabra ou Teatro do Atlántico, por cuxa montaxe *A noite das tribades* obtivo o Premio María Casares á mellor actriz protagonista. No mundo audiovisual está especialmente ligada a *Libro de familia*, interpretando durante oito anos o papel de Elvira; puidemos vela tamén en *A costureira*, *O sal da terra* e *O Faro*. En cine, interveu en *La bella Otero* (Jordi Frades), *De Bares* (Mario Iglesias) e *Los lunes al sol* (Fernando León de Aranoa), entre outras. É membro da comisión organizadora da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas desde o seu nacemento, hai trinta e tres anos.



## César Cambeiro

### ORGÓN



Empezou no teatro profesional en 1994, intervindo en sete das producións do CDG como *Os vellos non deben namorarse*, *Rosalía*, *A boa persoa de Sezuán* ou *Xardín Suspenso*. No ámbito televisivo actuou en *Pratos combinados*, *Un mundo de historias*, *Mareas vivas*, *Terra de Miranda*, *Valderrei*, *Matalobos*, *Padre Casares*, *Serramoura* ou *Pazo de familia*, entre outras moitas. Tamén tivo roles episódicos en series de canles privadas españolas como *El comisario*, *Policías*, *Periodistas* ou *Cuéntame como pasó*. En cine, participou nos filmes *Lobos sucios* (Simón Casal), *Mar adentro* (Alejandro Amenábar) ou *Los lunes al sol* (Fernando León de Aranoa).



## Antela Cid

ELMIRA



Forma parte da primeira xeración de egresados da ESAD de Galicia. Anteriormente xa comezara os seus estudos en Arte Dramática no Laboratorio de Teatro William Layton, a Escuela Libre de Interpretación de Sanchís Sinisterra e o estudo de Adan Black. En teatro traballou nas montaxes *Romeo e Xulieta* (Teatro do Noroeste); *Facendo a Rúa* (Xerpo); *Mambo* (Xoán Abreu) e *Da Vinci tiña razón* (Produccións Excéntricas), entre outras. Interveu en películas como *Hotel Tívoli* (dir. Antón Reixa), *Por mí y por todos mis compañeros* (Judas Diz), *O club da calceta* (Antón Dobao) ou *As damas negras* (Sonia Méndez). Actualmente podemos vela na telecomedia da TVG *Casa Manola*.



## Xoán Fórneas

VALERIO



Licenciado pola Real Escuela Superior de Arte Dramático, completa a súa formación como actor e cantante con mestres como Nacha Guevara, Jorge Coira ou Leónidas Martí. Desenvolveu os seus primeiros papeis escénicos co grupo Palimoco Teatro, Oancea Teatro ou nos musicais *Abba the Gold Experience* ou *The four stations*. En cine participou nos filmes *Viral* (ópera prima de Lucas Figueroa) e *La piel que habito* (de Pedro Almodóvar). Ademais, desenvolve colaboracións en programas da TVG como *Luar*, *Pequeno Gran Show*, *Bravo pola Música* ou *Un mundo de nenos*.



## Mónica García

### CLEANTA



A súa actividade escénica dá comezo con Chévere, compañía da que forma parte actualmente. Para o CDG traballou en *As actas escuras*, *Os espectros* e *Valle Inclán 9*, entre outras. Ten colaborado tamén con Redrum Teatro ou Panamesiana Teatro. Canto ao audiovisual, participou en longametraxes como *A Esmorga* (Ignacio Vilar), *Para que non me esquezas* (Patricia Ferreira), *Los lunes al sol* (Fernando León de Aranoa) ou *O lapis do carpinteiro* (Antón Reixa), entre outras, así como nas series de televisión *Pazo de familia*, *O Club da Calceta*, *A mariñeira*, *Valderrei*, *Terras de Miranda* ou *Cuéntame cómo pasó*. Entre os premios que recibiu cómpre destacar o María Casares á Mellor actriz secundaria por *Citizen* (2012), *Espectros* (2003) e *Bailando en verán* (1997), así como o Premio AGAPI á mellor intérprete feminina pola curtametraxe *Aínda máis difícil* (1999).



## Marta Lado

MARIANA



Licenciada en Arte Dramático pola ESAD de Galicia, comeza a súa carreira como actriz no teatro universitario, baixo a dirección de Pepa Barreiro, e na compañía profesional Lope de Vigo. Continúa o seu constante proceso de formación en obradoiros de interpretación, dobraxe, mimo e gramática corporal ou *clown*. Formou parte do elenco de montaxes como *Perplexo* de ilMaquinario, *Off topic* ou *En el campamento*, dirixida por Andrew Bardwell, e coa que xirou polo Reino Unido. Contadora de monólogo cómico, actuou nos programas da TVG *A casa da Conexa*, *Quen toca* ou *O show dos Tonechos*, así como na teleserie *O Faro*. Vén de protagonizar o filme *Sicixia* (Ignacio Vilar), para quen xa actuara en *Vilamor*. Ademais, colabora en varias curtametraxes non só como actriz, senón tamén como guionista e directora.



## Roberto Leal

### SEÑOR LEAL



Comezou a súa formación actoral na súa Arxentina natal no Centro de Formación Actoral. Á chegada a Galicia a súa carreira divídese entre o ensino, a actuación e a dirección, en compañías como o CDG, Matarile, Factoría, Sapristi, Compañía Lírica Española, Compañía Daniel Abreu ou Voadora. Actuou en longametraxes como *A los que aman* (Isabel Coixet), *Sei quen es* (Patricia Ferreira), *Autopsia* (Milagros Bará) ou *O partido* (Juan Calvo) entre outros. Na televisión participou en *Casa Manola*, *Fíos*, *A Vida por Diante*, *As Leis de Celavella*, *Pratos Combinados*, *Galicia Express* ou *Rías Baixas*. Desde 1990 dirixe a Aula de Teatro do Colexio Manuel Peleteiro.



## Rebeca Montero

DORINA



Licenciada pola Real Escuela Superior de Arte Dramático, inicia a súa actividade profesional como actriz de teatro no CDG con *O enfermo imaxinario*, de Molière. Desde entón, traballou para a compañía pública noutras dezaseis producións: *As alegres casadas*, *Leoncio e Helena*, *Nin me abandonarás nunca*, *Como en Irlanda*, *Memoria de Antígona*, *Si o vello Simbad volvese ás illas*, *Noite de Reis* e *A boa persoa de Sezuán*, entre outras. Recentemente interveu en *Los Macbez* e *Falstaff*, para o Centro Dramático Nacional, e mais en *Elling*, para Zoa Producciones, as tres baixo a dirección escénica de Andrés Lima. Recibiu o Premio María Casares en dúas ocasións como mellor actriz secundaria polas montaxes *A boa persoa de Sezuán* e *O segredo dos Hoffman*, da compañía Lagarta Lagarta.



# Alejandro Saá

## TARTUFO



Licenciado pola Real Escuela Superior de Arte Dramático Desde aquela, traballa como actor en compañías como a Compañía Nacional de Teatro Clásico, o Centro Dramático Nacional e a Fundación Siglo de Oro, entre outras, e con directores como Ernesto Arias, Andrés Lima, Helena Pimenta e Eduardo Vasco, entre outros. Ao mesmo tempo, completa a súa formación con cursos e obradoiros impartidos por figuras do tallo de Vicente Fuentes, Cicely Berry, Enrique Pardo ou Alfredo Sanzol. Nos últimos anos participou en montaxes como *El castigo sin venganza*, *El perro del hortelano*, *Enrique VIII*, *Doctor Faustus*, *El amor enamorado* ou *Falstaff*.



## Patricia Torres

DAMIS



Titulada Superior en Arte Dramática na EsadCyl, participou nun programa intensivo de formación teatral en St. Petersburg State Theatre Arts Academy e, dous anos máis tarde, no Festival internacional de Varsovia co seu proxecto de final de estudos. Completa a súa formación en teatro do oprimido, danza, *clown*, verso, improvisación, cine e televisión. Traballou con directores como Jacob Amo, en *Shopping and fucking*, e Eduardo Navarro, en *Santiago de Cuba y cierra...* España, e colaborou tamén con compañías como Teatro Furtivo, Azar Teatro ou Aporía Escénica. A súa traxectoria como actriz, directora e produtora está ligada a proxectos autoxestionados como Hormonauticas e 8mm.teatro. No eido audiovisual destacan os seus traballos en *Urxencia Cero* e *Pazo de Familia*.

# Equipo artístico



## Baltasar Patiño

### ESCENOGRAFÍA

Cofundador de Matarile Teatro, traballou tamén para o Centro Dramático Nacional, o Centro Dramático Galego, Teatro de la Abadía, La Casa Encendida, o Centro Coreográfico Galego, Producións Teatrais Excéntricas, Teatro do Atlántico... Desenvolve a súa actividade profesional en diferentes ámbitos artísticos como o deseño de iluminación, a creación de espazos escénicos ou a composición musical. Foi recoñecido cunha ducia de Premios María Casares e estivo nominado aos Premios Max polo seu traballo nas montaxes *Sí pero no lo soy* (CDN) e *Bobas y Gallegas* (Mofa y Befá).

## Diego Valeiras

### VESTIARIO

Licenciado en Escenografía pola ESAD de Galicia, acadou en 2015 unha bolsa artística en Casa Velázquez outorgada polo Consello da Cultura Galega. Como figurinista teatral os seus traballos máis recentes son *Coma e punto* (para Antagonista Teatro), *Metamorphose's* (Xerpo), *Os reloxos preguiceiros de Néboa* (Aporía Escénica) e *O Corazón de Auria* (EscenaTe e Crémilo Producciones).

## Anxo Graña

### MÚSICA ORIXINAL

Músico autodidacta formou parte dos grupos Xávega, Pai da Cana, Astarot, Chouteira, Banda Suevia de Antón Reixa, Gaiteiros de Lisboa, Os Resentidos... Traballou para compañías como Teatro do Atlántico, Teatro de Ningures, Teatro do Morcego ou Eme2, compañía da que é director técnico desde 2010. Entre os seus traballos de composición de música orixinal destacan os das montaxes *Emigrados*, *A charca inútil* e *O principio de Arquímedes*.

## Trini F. Silva

### CARACTERIZACIÓN

Desde 1999 realizou numerosos deseños de maquillaxe, perruquería e caracterización para montaxes teatrais, musicais, series de televisión, longametraxes e curtametraxes. Entre os seus traballos destacan *A ópera dos tres réas*, para o CDG, e *C'est la vie*, de Matrioska Teatro, polos que recibiu os Premios María Casares á mellor maquillaxe e perruquería. Tamén destaca a súa colaboración nas series da TVG *Entre bateas*, *A casa da Conexa* e *A Mariñeira*.

## Vanesa Sotelo

### ASISTENCIA DE DIRECCIÓN

Actriz, dramaturga e directora teatral. Formada en xornalismo e en dramaturxia e dirección de escena pola ESAD de Galicia, actualmente o seu traballo aparece ligado á compañía Inversa Teatro. Dramaturga residente para o CDG —xunto a Rubén Ruibal e Jacobo Paz— coa obra *Estigma*, obtivo o VI Premio Abrente de Textos Teatrais con *Campo de cobardes* e o Premio do Xurado do IV Certame "Diario Cultural" de Teatro Radiofónico convocado pola Radio Galega con *Indoor*. Ademais, é subdirectora da Revista Galega de Teatro.

# CDG

## Dossier electrónico

[http://www.agadic.net/mediateca/documentacion/cdg/tartufo/dossier\\_prensa.pdf](http://www.agadic.net/mediateca/documentacion/cdg/tartufo/dossier_prensa.pdf)

## Fotografías

©Andrea Vázquez

[http://centrodramatico.xunta.gal/cdg/novas/prensa/galeria.php?id=obra75\\_tartufo](http://centrodramatico.xunta.gal/cdg/novas/prensa/galeria.php?id=obra75_tartufo)

## Caderno pedagógico

Autor: Miguel Vázquez Freire

[http://www.agadic.net/mediateca/documentacion/cdg/tartufo/caderno\\_pedagogico.pdf](http://www.agadic.net/mediateca/documentacion/cdg/tartufo/caderno_pedagogico.pdf)

## +info

[www.centrodramatico.gal](http://www.centrodramatico.gal)